



## Concello de Baralla

---

DECRETO NÚMERO 155.- Baralla, 17 de setembro de 2018

Visto o procedemento que se esta tramitando, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a selección de “Técnico/a de Atención á infancia do PAI” e de “Persoal de Apoio no PAI”, para constituír as respectivas Listaxes de Emprego Temporal dos devanditos empregos.

Polo presente e en uso das miñas facultades RESOLVO:

Primeiro.- Designar como membros do Tribunal de Selección que deberá xulgar as correspondentes probas, ás seguintes persoas:

**PRESIDENTE:**

Titular: D. Alejandro Fontela Pereira. Funcionario de habilitación estatal. Subescala secretaría-intervención. Licenciado en dereito.

Suplente: Dona Marta Barreiro Castro. Funcionaria do Corpo superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia. Subgrupo A1. Licenciada en dereito.

**SECRETARIO:**

Titular: D. Alejandro Alcalde Varela. Funcionario do Corpo superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia. Subgrupo A1. Licenciado en dereito.

Suplente: Dona Cristina Abades Martínez. Letrada. Licenciada en dereito.

**VOGAIS:**

1º Vogal:

Titular: Dona Margarita Sánchez Cabarcos. Mestra de educación primaria.

Suplente: Dona Ana María Fernández Fernández. Licenciada en filoloxía galega.

2º Vogal:

Titular: Dona Ana Mel López. Mestra. Diplomada en educación infantil. Licenciada en psicopedagogía.

Suplente: Dona Pilar Teijeiro Díaz. Mestra. Diplomada en educación infantil. Licenciada en psicopedagogía.

3º Vogal:

Titular: Dona María Teresa Villares Castro. Directora Escola Infantil.

Suplente: Dona Nuria Isabel Vázquez Rivas. Licenciada en dereito.

Segundo.- Notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

---

**Concello de Baralla**

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

Terceiro.-Fixar as datas, horas e lugares para a realización das seguintes probas:

\* Técnico/a de Atención á infancia do PAI:

Proba teórica: exame tipo test. Día 2 de outubro 2018, ás 10:30 horas, no Centro Socio-Cultural de Baralla.

\* Persoal de Apoio no PAI:

Proba teórica: exame tipo test. Día 2 de outubro 2018, ás 12:30 horas, no Centro Socio-Cultural de Baralla.

Cuarto.- Publicar esta Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello [www.concellobaralla.es](http://www.concellobaralla.es).

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Manuel Jesús González Capón e certifico.



---

**Concello de Baralla**

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221